



Transporte metropolitano de Galicia

Asunto: Comunicación da actualización das tarifas metropolitanas de acordo co IPC do sector do transporte

1. O plan de transporte metropolitano leva consigo a aplicación na áreas de transporte metropolitano dunha política tarifaria común establecida nos Convenios de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia. Así, as administracións que formalizaron os convenios, comprométense a aplicar no ámbito das súas respectivas competencias a política tarifaria prevista no Plan de transporte. Deste xeito, estableceuse a implantación dun sistema tarifario zonal, onde o prezo que ten que aboar o usuario dependerá do número de saltos existentes entre a zona de transporte de orixe e a de destino, así como do título de transporte empregado para realizar a viaxe.

2.- De acordo co establecido nos convenios correspóndelle á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade a actualización da táboa de prezos de acordo coa evolución do IPC para o sector do transporte no exercicio (fixado para o ano 2018 nun 1,68%).

En cumprimento do establecido nos convenios de colaboración, a Dirección Xeral de Mobilidade **COMUNICA** a actualización das tarifas aplicables nas ATMs con base ao IPC do sector do transporte no exercicio. As tarifas aplicables por número de saltos e título de viaxe empregado son as que se indican de seguido:

Número de Saltos	Billete Sinxelo	TMG
0	1,55 €	0,88 €
1	1,55 €	0,88 €
2	2,25 €	1,34 €
3	2,90 €	1,90 €
4	3,55 €	2,31 €
5	5,10 €	3,22 €
6	5,80 €	3,78 €
7	6,40 €	4,20 €
8	7,15 €	4,65 €
9	7,90 €	5,15 €
10	8,75 €	5,68 €

As tarifas indicadas serán aplicables **a partir do 1 de abril de 2019.**

O director xeral de Mobilidade
Ignacio Maestro Saavedra
(Documento asinado dixitalmente)

